



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Didáctica dos espazos culturais en contextos educativos	Código	652513211	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es	
Profesorado	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Na educación regrada e nos ámbitos da educación non regrada estase a dar un incremento das relacións entre docentes/educadores e os contextos culturais de diferentes ámbitos, nun diálogo enriquecedor que se nos ofrece como interesante potencial educativo.</p> <p>Ademais, constitúen un importante xacemento de emprego con novas figuras profesionais e especificamente aquelas relacionadas co ensino non regrado e co ámbito da comunicación dos coñecementos sociais e culturais.</p> <p>O coñecemento destes espazos culturais e a activación de recursos didácticos en relación con eles, é o eixo principal desta materia, caracterizada por unha orientación práctica e vivencial.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e identificar os espazos culturais e o seu potencial educativo en diferentes contextos.	AP1		CP8
Familiarizarse cos diferentes ámbitos dos espazos culturais dende unha perspectiva interdisciplinar e integradora.		BP1 BP12	CP7
Experimentar e vivenciar situacións e procesos de aprendizaxe en relación cos espazos culturais e desenvolver as capacidades emocionais e creativas.		BP13	CP4
Coñecer, analizar e avaliar experiencias e propostas innovadoras.	AP2 AP3 AP15 AP16	BP6	CP6
Ser capaz de deseñar propostas didácticas coherentes e innovadoras aplicando os coñecementos adquiridos en diferentes contextos educativos.	AP6 AP7 AP8 AP16 AP17	BP2 BP4 BP9 BP11 BP15	CP1

Contidos	
Temas	Subtemas
A comprensión do espazo.	<ul style="list-style-type: none"> · O espazo conceptualizado e vivenciado polo ser humano. · Diversificación do espazo e espazos culturais.
A pedagogía das paisaxes e espazos.	<ul style="list-style-type: none"> · Do espazo vivido e comprendido ao espazo para a didáctica. · Espazos culturais como recursos e ferramentas didácticas.



Os espazos culturais e as súas relacións cos contextos educativos.	<ul style="list-style-type: none"> · Potencialidade didáctica dos espazos culturais en diferentes contextos educativos: da vivencia á proposta. · A perspectiva transdisciplinar.
Experiencias e propostas didácticas en espazos culturais.	<ul style="list-style-type: none"> · A paisaxe xeográfica, o patrimonio, as paisaxes urbanas, de conflito, da memoria, etc.: análise de experiencias e perspectivas de acción.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1	1	0	1
Análise de fontes documentais	A2 A6 B6	2	2	4
Aprendizaxe colaborativa	B9	3	6	9
Obradoiro	A7 A15 A16 A17 B13	6	6	12
Saídas de campo	B2 B12 C4 C7	10	8	18
Sesión maxistral	A1 A16 B1 B15 C6 C8	5.5	5.5	11
Traballos tutelados	A3 A8 B1 B4 B11 C1	6	12	18
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Periódica e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia.
Análise de fontes documentais	Realizaranse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación cos espazos culturais.
Aprendizaxe colaborativa	Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única.
Obradoiro	Están concibidos como ensaios de experimentación de aprendizaxes de traballo por proxectos e por centros de interese. Materialízanse en encontros, simulacións, debates, exposicións, etc., arredor de temáticas concretas, deseñados e desenvolvidos polo alumnado e guiados pola profesora.
Saídas de campo	Son unha parte moi importante no desenvolvemento da materia e serán saídas programadas a contextos culturais formativos e a contextos do contorno inmediato. Preténdese que o alumnado adquira tanto capacidades de organización de saídas como o coñecemento de institucións, actividades, exposicións, paisaxes, etc. e a comprensión do seu potencial educador. O alumnado desenvolverá capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a experimentación e a recollida de información.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Realizaranse co apoio de documentación específica e medios audiovisuais e estará directamente relacionada coas metodoloxías utilizadas na docencia interactiva.
Traballos tutelados	A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no espectro dos espazos culturais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Os traballos tutelados conlevan unha atención personalizada nas titorías.
---------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	B2 B12 C4 C7	As actividades previas e posteriores ás saídas a centros de interese cultural serán obxecto de avaliación, valorándose a participación activa e a calidade na realización das tarefas encomendadas.	40
Sesión maxistral	A1 A16 B1 B15 C6 C8	Realizarase unha proba simple, individual, no que o alumnado demostre a comprensión e asimilación dos contidos básicos tratados.	10
Traballos tutelados	A3 A8 B1 B4 B11 C1	O proceso de deseño e elaboración dos traballos, os resultados dos mesmos, así como a exposición oral, serán obxecto de avaliación. Terase en conta a idoneidade do tema escollido e o seu desenvolvemento. Realizaranse por parellas, quedando ao criterio da docente a posibilidade de realízalos individualmente.	50

Observacións avaliación
<p>O alumnado terá que realizar todas as saídas que se programen. Se por causa xustificada non a puidera facer co grupo, deberá facela individualmente, exceptuando aqueles casos que polas características non o permitan, polo que tería que realizar unha tarefa de contidos ou características semellantes.</p> <p>Para superar a materia, o alumnado terá que superar cada unha das metodoloxías de avaliación.</p> <p>O alumnado que non chegue a unha asistencia do 80% das clases presenciais será avaliado coas mesmas metodoloxías, se ben a proba escrita individual será susceptible de incluír calquera dos contidos traballados na materia, pasando a ter unha ponderación do 50% e o traballo tutelado o 50%.</p>

Fontes de información	
Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Asensio, M. e Pol, E. (2002). Nuevos escenarios en educación. Aprendizaje informal sobre el patrimonio, los museos y la ciudad. . Buenos Aires: Aique - Calaf Masachs, R. (2009). Didáctica del patrimonio: epistemología, metodología y estudio de casos.. Asturias: Trea - Cifre- Mas, J. e Adrover J. M. (2012). Aprender a través de los ambientes. Una propuesta para una escuela activa y competencial. . Aula de Innovación Educativa. Aula de espacios y tiempos - Estepa Giménez, J. (2013). La educación patrimonial en la escuela y el museo: investigación y experiencias.. Huelva: Servicio de Publicaciones Universidad de Huelva - Hernández Carretero, A. M. (2010). El valor del paisaje cultural como estrategia didáctica.. Tejuelo, 9 - Licerias Ruiz, A. (2003). Observar e interpretar el paisaje. Estrategias didácticas. . Granada: Grupo Editorial Universitario.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías